



PLAN DIXITAL

CEIP BAÑOS DE MOLGAS

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: C.E.I.P. BAÑOS DE MOLGAS

Dirección: Carretera de Salgueiros s/n C.P.:32701 Baños de Molgas OURENSE

Correo: ceip.banhos.molgas@edu.xunta.gal

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbanhosmolgas/>

Etapas educativas: Educación infantil e Primaria.

O centro, actualmente, conta con tres unidades, unha de Educación Infantil e dúas de educación Primaria.

Profesorado: Na actualidade, o colexio conta unicamente con profesorado especialista:

- .- Un mestre/a especialista en Educación Infantil.
- .- Un mestre/a especialista en Lingua Estranxeira-Inglés.
- .- Un mestre/a especialista en educación Física.
- .- Un mestre especialista en Educación Musical.

A maiores, nos dous últimos cursos, contamos cun mestre/a especialista en Pedagogía Terapéutica, a tempo completo toda a semana.

Alumnado: No momento de elaborar o presente Plan Dixital, están matriculados un total de trinta e dous alumnos repartidos entre Educación Infantil e Educación Primaria do seguinte xeito:

EDUCACIÓN INFANTIL:

4º curso: tres alumno/a.

5º curso: un alumnos/as.

6º curso: oito alumnos/as.

EDUCACIÓN PRIMARIA:

1º curso: catro alumnos/as.

2º curso: sete alumnos/as.

3º curso: un alumnos/as.

4º curso: catro alumno/a.

5º curso: catro alumnos/as.

6º curso: catro alumnos/as.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- *Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro*

1.- ANALISE DO CONTEXTO.- ¿Onde estamos?

O colexio CEIP Baños de Molgas foi construído entre 1973 e 1974 como resultado da concentración escolar do Concello de Baños de Molgas e tamén nos seus principios do veciño concello de Xunqueira de Ambía. Trátase do único colexio do concello. Dende finais do século pasado ven sufrindo unha importante perda de alumnado, motivada en primeira instancia naqueles intres polo feito de escolarizar só alumnos de Infantil e Primaria ata 6º curso. Os seus alumnos de 7º e 8º pasaron a escolarizarse en 1º e 2º da ESO no IES San Mamede de Maceda. E en segundo lugar, ao igual que sucede no rural galego, polas baixas taxas de natalidade que se veñen dando nos últimos anos, polo que se pasou de ter escolarizados entornó a 50 alumnos a principios dos anos 2000, a ter pouco máis da metade dese número na actualidade.

.- O Centro:

- a) É un Colexio Público. Ten tres unidades, dúas de Primaria e unha de Ed. Infantil. Cada tres cursos están co mesmo Profesor, a aula de Educación infantil acolle a alumnos de 3, 4, e 5 anos, hai unha aula de Apoio (PT) cunha profesora que está a tempo completo todos os días da semana e unha Orientadora que vén un día semanal, os venres, en xornada de mañá.
- b) O Centro está situado na capital Municipal. É moi amplo para a matrícula que ten hoxe, pero as aulas son pequenas, se chegan é porque a ratio é baixa.
- c) Conta con servizo de Comedor Escolar, que leva o director axudado por o resto do profesorado do centro, que asumen as funcións de encargado/a de comedor e de colaboradores do mesmo en canto a atención aos alumnos tanto no comedor coma despois, no patio de recreo. Unha Biblioteca, un Ximnasio, un patio Cuberto, pero carece de Salón de Actos.
- d) Os espazos exteriores son máis que suficientes para o número de alumnos que hai, pero non moi adecuados; sirva como exemplo que existe un frontón, cando non existe afición a este xogo.
- e) Os recursos materiais son suficientes, se ben sempre se aspira a melloralos.

f) Destacar como inxuedanza e curiosidade que na data de elaboración do presente Plan Dixital de Centro, o CEIP Baños de Molgas conta con nove alumnos matriculados recentemente, procedentes de Ucraña, todos eles, homes.

2. – Ambiente familiar:

a) Observamos nos nenos unha falta de continuidade na liña de conducta, e unha certa inestabilidade isto, pode ser debido a que un 50% deles viven cos avós ou con pais e avós.

b) Os núcleos familiares son pequenos, con tendencia a ter un só fillo.

c) En canto ó traballo dos pais cabe sinalar:

. Dun tempo a esta parte predomina a situación de que ambos os dous proxenitores traballan fora da casa.

. O pai traballa na maioría dos casos, pero apenas un ou dous son agricultores ou gandeiros, cousa rara no medio rural (colaboran nas tarefas de cultivos de autoconsumo), predominan os obreros e empresarios.

. Na nai predominan outras profesións, relegando a agricultura a un segundo lugar. A pesares disto, moi poucas delas traballan algo na agricultura, sobre todo, cultivando produtos de horta e de autoconsumo.

. Cabe sinalar que é unha zona onde apenas hai parados.

d) A poboación está bastante dispersa, entorno a un 87% dos nenos utilizan o Transporte Escolar, isto leva consigo que os nenos non teñan outros nenos con quen xogar, e que os seus amigos sexan de Ourense, Vascongadas, ou fillos de emigrantes no estranxeiro.

e) Un aspecto curioso é que a convivencia faise na cociña, que é onde pasan a maior parte do tempo; a maioría di que estudia na súa habitación , logo é que estudian pouco tempo.

1.3.- Ambiente socio-económico:

a) O Colexio é un centro rural, pois a maioría dos nenos son dos pobos, e está asentado neste medio.

b) Viven en casas confortables, ben acondicionadas, e teñen un sitio adecuado para estudiaren sós, o que debería favorecer un maior rendemento.

c) Os hábitos de hixiene son medianos, coñécenos pero non os practican, pode deberse á influencia de xeracións anteriores coas que conviven.

- d) En xeral non saben utilizar o tempo libre, non hai planificación, fan o que sae. Só planifican o tempo de televisión.
- e) A maioría fala galego na casa, no pobo e na escola; todos eles o entenden, só nalgúns casos falan castelán na casa, porque os avós son casteláns.
- f) Sobre o hábito de lectura, en xeral, non o teñen. O que len queda reducido, na maioría dos casos ó que len no colexio. Por exemplo non se merca un xornal.

1.4.- Valores Afectivos:

- a) En xeral non teñen claro o valor da amizade, xogan pouco en grupo, se xogan é a xogos individuáís; isto pode deberse tamén a:
- . A dispersión xeográfica xa comentada.
 - . A falla de relación polo abuso que fan da televisión.
- b) Cabe destacar que os pais están e xogan pouco cos nenos, hai pouca convivencia, por iso coñecen pouco os seus problemas.

2.- IDENTIDADE ¿Quen somos?

A identidade real do Centro queda fixada en tres aspectos:

- a) A aprendizaxe realizarase fundamentalmente na lingua do alumno, que como reflexou a enquisa é o galego; isto sen prexucio dalgún caso puntual que non o entendese.
- b) Pretendemos educar ós alumnos no pluralismo democrático, sen discriminacións e infundindo o respecto ós Dereitos Humanos e naturais; por iso nos fixarnos como Obxectivo Xeral o Respeto.
- c) No que atinxe á relixión pretendemos que sexa un Centro de libre Confesionalidade, se ben estase a impartir a Relixión Católica por que non hai ningún caso de alumnos/as que se manifestasen en contra.

Así, podemos dicir que os principios de identidade do colexio son:

- 1.- Estará presidido por unah actitude e unha acción democrática.
- 2.- A súa acción educativa estará vinculada social e culturalmente ao entorno da vila de Baños de Molgas.
- 3.- Fomentará a participación de toda a comunidade educativa.
- 4.- Promoverá o respecto a diversidade.

- 5.- Favorecerá a igualdade de dereitos e oportunidades.
- 6.- Será respectuoso coas diferentes confesións relixiosas e opcións ideolóxicas.
- 7.- Buscará a equidade pero compensando as desigualdades.
- 8.- Promoverá o uso da lingua galega.
- 9.- Promoverá as actitudes non sexistas.
- 10.- Promoverá o respecto e coidado ao medio ambiente.
- 11.- Fomentará as actitudes saudables.
- 12.- Terá en conta as necesidades, intereses e aptitudes do alumnado para dotar a actividade docente da suficiente flexibilidade.
- 13.- Favorecerá a atención individualizada ao alumnado.
- 14.- Promoverá o respecto das normas de convivencia.
- 15.- Procurará a resolución pacífica dos conflitos.
- 16.- promoverá a innovación educativa.

VALORES QUE PROMOVE O COLEXIO

1. A democracia
2. A solidariedade
3. A non discriminación
4. A xustiza
5. A tolerancia
6. A liberdade persoal
7. A paz e a convivencia
8. O respecto aos demais e as diferenzas

OBXECTIVOS BÁSICOS

Son os obxectivos fundamentais que pretende o colexio. Deben estar en conformidade cos principios de identidade do colexio e dar resposta as necesidades educativas dos nosos alumnos e alumnas.

1. Proporcionar a todos os alumnos/as un ensino de calidade, compensando as desigualdades.
2. Proporcionar aos alumnos/as as competencias, destrezas e actitudes que desenvolvan as súas capacidades en todos ámbitos da persoa.
3. Proporcionar aprendizaxes motivadoras e funcionais.

4. Favorecer as actitudes de respecto, tolerancia e solidariedade.
5. Realizar unha avaliación sistemática de todos os procesos.
6. Potenciar a formación do profesorado.
7. Favorecer a innovación educativa.
8. Colaborar nas actividades complementarias e extraescolares.

- *Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro.*

Coa elaboración do Plan dixital de Centro ao longo do curso 2021-2022 e a súa posterior posta en funcionamento no vindeiro curso 2022-2023 pretendemos dar un paso firme e definitivo na integración dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe do noso alumnado das Tics e o mundo da informática e a tecnoloxía.

Pretendemos, xa que logo, dar un paso importante, tanto a nivel de profesorado como de alumnado. No que se refire aos primeiros, tentando dotalos dos coñecementos e as ferramentas necesarias para poder integrar na súa labor diaria o uso das Tics, e no caso dos segundos, para que cada vez sexa máis clara e patente a súa relación coa realidade na que lles tocou nacer e sobre todo, tratar de aprender, podendo afianzar no seu proceso de aprendizaxe o uso cotía das Tics.

- *Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.*

Ao igual que se comentou no punto anterior, a nosa pretensión coa elaboración e posterior aplicación do Plan Dixital é a de ir dotando, aínda que nun principio sexa pouco a pouco, ao profesorado do centro e por ende ao alumnado e resto da comunidade educativa, das ferramentas necesarias para poder contribuír a un mellor achegamento do noso alumnado as Tics e a súa integración no día a día do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Nosa intención e poder chegar ao remate do curso 2022-2023 podendo afirmar que o profesorado do centro ten os coñecementos e as ferramentas necesarias para poder integrar na súa labor docente o uso diario das novas tecnoloxías, sen que isto sexa un atranco por descoñecemento, falta de información ou seguridade na implementación e uso cotía das Tics na aula.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital no noso centro:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.*

- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*

1.4. **Proceso de elaboración**

Para a elaboración do Plan dixital de centro do C.E.I.P. Baños de Molgas, durante o curso académico 2021-2022, organizámonos, dentro dun grupo de traballo que levou a cabo un PFPP en colaboración co CFR de Ourense e que estivo constituído pola totalidade do profesorado do centro. Para elo, exerceu as funcións de coordinador tanto do PFPP como da elaboración do Plan Dixital de Centro o director do mesmo, Don. Juan José Cid Rivas, formando parte do grupo de traballo e do equipo encargado da elaboración do Plan dixital, o resto de membros do Claustro de Profesores.

Ao longo do curso, fóronse mantendo diferentes reunións, normalmente os luns ou os martes pola tarde, unha vez rematada a xornada lectiva, de dúas horas e media de duración, nas que, nunha primeira instancia se foron tratando os diferentes apartados que se nos foron propondo para a elaboración do Plan Dixital: Cuestionario SELFIE, Cuestionario CDD, Análise DAFO, elaboración do Plan de Acción... Para, xa en última estancia, nas dúas últimas reunións mantidas a finais de maio e principios de xuño, proceder a elaboración do Plan Dixital de Centro do CEIP Baños de Molgas.

2. Situación de partida

2.1. **Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais**

- *Análise da situación do centro en relación coas tecnoloxías dixitais: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa,*

A situación inicial do colexio en relación coas Tics e o seu uso docente case que podemos afirmar que partía de cero. Ata a chegada da pandemia provocada pola aparición da Covid-19, a relación tanto do centro coma do profesorado coas novas tecnoloxías e o seu uso a nivel docente reducíase case que por

completo a tarefas, por dicilo así, burocráticas, cubrir ao inicio e ao final de cada trimestre e de curso os apartados relacionados co alumnado en XADE, e pouco máis.

De cando en vez podíase proceder a busca co alumnado dalgunha información en internet, pero, fora diso, non se viñan usando as novas tecnoloxías no día a día no centro.

Coa chegada da pandemia, o confinamento e a docencia telemática vímonos na obriga, de xeito practicamente autodidacta, de saír do paso da situación, cada quen, como boamente puido.

Unha vez retomada a docencia presencial, coa aplicación dos sucesivos protocolos Covid que tanto a Consellería de Sanidade como a de Educación foron publicando, o profesorado do centro desenvolveu durante o curso 2020-2021 un PFPP de iniciación ao uso de ferramentas dixitais que nos permitiu ir adquirindo uns coñecementos moi básicos, sobre todo no relativo as Aulas Virtuais e a súa utilización e actualización, sobre todo por si se facía necesario volver a docencia telemática ou non presencial ao longo do curso, para todo ou para parte do alumnado.

Chegado o inicio do curso 2021-2022, esa era a nosa situación de partida cando a Consellería puxo en marcha todo o relacionado coa elaboración dos plans dixitais de centro que ven de ternos ocupados durante todo o curso lectivo.

- *Descrición xeral acerca das infraestruturas, dotacións tecnolóxicas (ordenadores, pantallas,...), conectividade (Wifi, rede,..), plataformas e servizos dixitais (Aula virtual, Agueiro, Abalarmóbil,...)*

1. INFRAESTRUTURA TECNOLÓXICA DO CENTRO

– Infraestrutura dixital:

A situación actual do c.e.i.p. Baños de Molgas e a que segue:

– Infraestrutura de datos (conectividade a internet):

O centro a día de hoxe conta con conectividade WIFI en todo o edificio. Con anterioridade a esta situación, o colexio contaba con conexión cableada en algunhas das súas dependencias: Dirección, aula de informática, aulas de Educación Infantil e de Educación Primaria, biblioteca. Pero, a conexión por cable non está dispoñible en moitas das outras aulas, que , aínda que non se usan a diario, si que forman parte do conxunto de dependencias do centro, e, no conxunto do curso escolar, acaban sendo usadas moitas veces para actividades relacionadas con conmemoracións, outras actividades lectivas como as clases de música ou de inglés, etc.

– Infraestrutura de voz (telefonía):

En canto a conexión telefónica do centro, esta ven establecida pola Consellería, en canto a conectividade de datos e de internet.

No apartado exclusivamente telefónico (chamadas), a relación comercial mantena e costea o propio centro, mediante unha tarifa plana de coste mensual coa compañía Movistar Telefónica.

– Equipamento:

A seguir detallase, nunha táboa de dobre entrada, segundo o que consta en XADE a data xuño de 2022, o diferente material e dispositivos informáticos cos que conta o centro, así como tamén a súa situación dentro das instalación do colexio

INVENTARIO INFORMÁTICO XADE xuño 2022

Multienchufe	Dirección do Centro
Centralita	Dirección do Centro
Pantallas	Aula de Informática
Teclados	Aula de Informática
Ratos	Aula de Informática
Multienchufe	Aula de Informática
Ordenador de mesa	Aula de 1º, 2º e 3º
Ordenador de mesa (catro unidades)	Aula de Informática
Pantalla TFT	Aula de Informática
Pizarra dixital	Música
Ordenador	Ed. Infantil
Pantalla Tft	Ed. Infantil
IMPRESORA LASER	Aula de Informática
Kit Dixital	Biblioteca
Impresora color	Dirección do Centro
3 licencias de Windows	Cuarto da biblioteca
Proxector informática	Música
Ordenador portátil	Cuarto da biblioteca
Ordenador de mesa	Dirección do Centro
Pantalla ordenador	Dirección do Centro
Teclado	Dirección do Centro
Rato	Dirección do Centro
Ordenador de mesa (catro unidades)	Aula de Informática

Pantallas LG	Aula de Informática
Teclado PRIMUS e Ratos RX -250	Aula de Informática
Escáner	Dirección do Centro
Ordenador Intel Core I 3	Aula de 1º, 2º e 3º
Pizarra dixital- 5º e 6º	Aula de 4º, 5º e 6º
Videoproxector EPSON EB-X20	Aula de 4º, 5º e 6º
Portátil ThinkPad Leenovo L450	Aula de 4º, 5º e 6º
Portátil ACER - Extensa 2511 - I5	Aula de 1º, 2º e 3º
Videoproxector EPSON EB-X20	Aula de 1º, 2º e 3º
Pantalla dixital I Q Board- Xuga 2014	Aula de 1º, 2º e 3º
Ordenador de mesa	Ed. Infantil
Monitor de ordenador	Ed. Infantil
Ordenador de mesa (dúas unidades)	Aula de Informática
Monitor de ordenador	Aula de Informática
Pantalla ordenador	Sala de Profesores
CPU hp	Sala de Profesores
Pantalla ordenador	Aula de 4º, 5º e 6º
CPU hp	Aula de 4º, 5º e 6º
Pantalla dixital multiclassboard	Aula de 4º, 5º e 6º

– Postos de traballo de xestión e administración do centro:

Como queda indicado na táboa anterior, hai un ordenador de mesa e tamén unha impresora e un escáner no despacho dedicado a dirección do colexio.

– Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos:

Na sala de mestres dispomos, como se observa na táboa, dun ordenador de mesa, dedicado a diferentes usos que o profesorado do colexio leva a cabo durante as horas de garda, coordinación educativa, etc.

– Aula(s) de informática:

O centro conta dende fai xa algúns anos cunha aula de informática, e dicir, unha aula con 10 ordenadores de sobremesa e unha impresora lasser na que se pretende que o alumnado do colexio leve a cabo diferentes tarefas e actividades, tanto dentro do horario lectivo como fora del. (Antes da pandemia, levábanse xa varios anos nos que a ANPA puña en marcha un cursiño de informática ao que asistían a maioría dos rapaces.

– Servizos dixitais educativos.

O CEIP baños de Molgas conta con **páxina Web**:

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbanhosmolgas/>

Dirección de **correo electrónico**:

Correo: ceip.banhos.molgas@edu.xunta.gal

Aula virtual:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbanhosmolgas/aulavirtual/>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: inclúese a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

	Equipo Direct.	3
A -Liderado	Profesorado	3.7
	Alumnado	
	Equipo Direct.	2
B- Colaboración e redes	Profesorado	3.1
	Alumnado	2.9
	Equipo Direct.	3.7
	Profesorado	3.8
	Alumnado	3.7
	Equipo Direct.	3
D- Desenvolvemento profesional continuo	Profesorado	4.1
	Alumnado	
	Equipo Direct.	2.8
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Profesorado	3.9
	Alumnado	
	Equipo Direct.	2
F- Pedagogía: Implementación na aula	Profesorado	3.6
	Alumnado	3.1
	Equipo Direct.	2
G- Prácticas de avaliación	Profesorado	2.7
	Alumnado	
	Equipo Direct.	2.3
H- Competencias dixitais do alumnado	Profesorado	3.2

Test CDD: inclúese a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén pode interesar reflectir o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>4</u>	<u>4</u>	<u>100%</u>
PROVISIONAL	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
53	Explorador/a (A2)	53	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INFANTIL	59	Explorador/a (A2)		Integrador/a (B1)
PRIMARIA	49	Explorador/a (A2)		Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/a (A2)	<u>5</u>	<u>100%</u>
TOTAL	<u>5</u>	<u>100%</u>

Outras fontes:

Despois tanto do SELFIE coma do TDD, o profesorado do centro tamén procedeu a facer unha análise tanto cualitativa coma cuantitativa das cuestións máis destacables de ambos os dous cuestionarios e os

seus resultados, de cara a extraer e ter en conta os aspectos máis significativos para a posterior elaboración do DAFO.

A modo de resume dicir que na **Análise cualitativa** se analizaron os aspectos tanto internos (vendo as debilidades e as fortalezas que presenta o centro), coma externos (onde se tiveron en conta as oportunidades e tamén as ameazas relacionadas co entorno máis inmediato).

De igual xeito, unha vez feitas as análises cualitativa e cuantitativa, pasamos a facer, na mesma reunión,

unha detallada reflexión dos **tres por qués**:

Para elo tivéronse en conta os dous aspectos coa maior puntuación e a reflexión sobre os tres motivos que xustifican a valoración tan positiva.

De igual xeito, repetiuse o proceso anterior cos dous aspectos coa puntuación máis baixa.

E xa por último, identificáronse os dous aspectos que presentaban maior dispersión entre a valoración dos tres axentes (equipo directivo, profesorado e alumnado). Reflexionando sobre as 3 posibles causas que debían explicar esa diverxencia.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

ANALISE DAFO PARA O PLAN DIXITAL DE CENTRO DO C.E.I.P. BAÑOS DE MOLGAS

<u>FORTALEZAS</u>	<u>DEBILIDADES</u>
<ul style="list-style-type: none"> .- Equipamento do centro a nivel de aulas: internet e paneis interactivos de uso tanto individual coma colectivo. .- Boa conexión e funcionamento da rede WIFI do centro. .- Aula de informática dotada con 10 ordenadores. .- Profesorado do centro todo definitivo. .- Impresoras conectadas aos ordenadores das aulas (titorías). 	<ul style="list-style-type: none"> .- Falta de recursos dixitais de uso individual nas aulas. .- Pouca competencia dixital do profesorado enfocada a práctica docente. .- Páxina web do ccntro actualizada deficitariamente. .- Pouco tempo disponible no horario escolar para dedicarlle a mellora das Tics. .- O medo ao uso das novas tecnoloxías, ao descoñecido e ao que non se pode controlar, e nos supón un esforzo por parte do profesorado.

<ul style="list-style-type: none"> .- Dotación ao profesorado de ordenadores portátiles para o uso nas aulas. .- Participación do profesorado en programas de innovación educativa nos últimos cursos. .- Boa disposición do profesorado ao traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> .- Uso de metodoloxías tradicionais e acomodación por parte do profesorado.
<p style="text-align: center;"><u>OPORTUNIDADES</u></p> <ul style="list-style-type: none"> .- Apoio tanto do Concello como da ANPA. .- Apoio tamén por parte da Administración educativa e a Inspección. .- Desenrolo de actividades onde se involucre o uso das Tics. .- Moi boa relación coas familias, destacando o seu interese pola escola rural. .- Maior e mellor comunicación mestres-alumnos ao tratarse dun centro pequeno. .- Contar cunha “Casa-neno” no propio recinto educativo. .- Posibilidade de participación en proxectos e plans educativos baseados ou relacionados coas Tics. .- Persoa allea ao centro que repara equipos informáticos e problemas técnicos. .- Maior involucración de todo o alumnado cara o uso das tecnoloxías. 	<p style="text-align: center;"><u>AMEAZAS</u></p> <ul style="list-style-type: none"> .- Baixa matrícula nos últimos cursos e sen perspectivas de mellora. .- Deficiente cobertura dixital na maior parte dos pobos do concello, sobre todo nos menos habitados. .- Falta de axudas económicas para poder dispoñer de máis e sobre todo mellores dispositivos, e incluso, mellor conexión. .- Desigual dotación de recursos dixitais nas familias. .- Ter ata tres niveis educativos distintos por aula, o que dificulta enormemente o poder levar a cabo un traballo axeitado con cada un dos niveis. .- Equipos antigos e algún deles xa case que obsoleto. .- Baixo nivel de partida do alumnado. .- Falta de formación en moitos dos aspectos relacionados coas Tics, algún docentes non saben usar adecuadamente os recursos dispoñibles.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Indicar brevemente a secuencia de pasos seguida para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO:

Unha vez feita a análise DAFO pasouse a aportar, de xeito individual por cada mestre, unha batería de posibles obxectivos, indicadores e accións a poñer en marcha, dentro do plan de acción para poder abordar ao longo do curso 2022-2023. Feito isto, nunha posterior reunión, pasouse a facer unha posta en común dos obxectivos, indicadores e accións aportadas, para, de común acordo, establecer os obxectivos a incluír no Plan de Acción do C.E.I.P. Baños de Molgas para o vindeiro curso.

Deste xeito, decidímonos polos catro obxectivos que a continuación se recollen nas seguintes táboas:

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": D) DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO							
1. OBXECTIVO:	MELLORAR A COMPETENCIA DIXITAL DO PROFESORADO NA PRÁCTICA DOCENTE					Acadado	
RESPONSABLE:	COORDINAR TICS					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O 80% DO PROFESORADO USA REGULARMENTE AS TICS NA AULA						
Valor de partida	O 20% DO PROFESORADO USA DE MANEIRA ASIDUA AS TICS NA AULA						
Valor previsto e data	O 80% OU MÁIS DO PROFESORADO USA AS TICS CHEGADO XUÑO DE 2023				XUÑO DE 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A01.1: CREAR UN PEQUENO BANCO DE RECURSOS E PÁXINAS WEBS DE USO NAS ÁREAS	TODOS OS MESTRES	1º TRIMESTRE DO CURSO 2022-2023 (1ª quincena de decembro)	ORDENADORES DO CENTRO E CONEXIÓN A INTERNET		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.2: FORMACIÓN EN TICS MEDIANTE CURSOS DO CEFORE	ASESOR CEFORE	1º E 2º TRIMESTRE DO CURSO 2022-2023	DISPOSITIVOS DIXITAIS EXISTENTES NAS AULAS E/OU NA AULA DE INFORMÁTICA		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.3: USO DO BANCO DE RECURSOS CREADO NO PRIMEIRO TRIMESTRE	PROFESORADO DO CENTRO	2º E 3º TRIMESTRES DO CURSO 2022-2023	DISPOSITIVOS DIXITAIS EXISTENTES NAS AULAS E/OU NA AULA DE INFORMÁTICA		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora": B) COLABORACIÓN E REDES							
OBXECTIVO :	INCREMENTAR A PARTICIPACIÓN DE TODO O PROFESORADO NA PÁXINA WEB DO CENTRO					Acadado	
RESPONSABLE:	COORDINAR TICS					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O 100% DO PROFESORADO PARTICIPA NA ACTUALIZACIÓN DA PÁXINA WEB DO COLEXIO						
Valor de partida	O 40% DO PROFESORADO PARTICIPA ACTUALMENTE NA ACTUALIZACIÓN DA PÁXINA WEB DO CENTRO						
Valor previsto e data	O 100% DO PROFESORADO COLABORA NA ACTUALIZACIÓN DA PÁXINA WEB DO COLEXIO CHEGADO XUÑO DE 2023				FINAIS DO CURSO 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A02.1: VISUALIZACIÓN	TODOS OS MESTRES	AO LONGO DO CURSO	TODOS OS DISPOSITIVOS		Realizada		

DA PÁXINA WEB DO CENTRO POR PARTE DA COMUNIDADE EDUCATIVA		2022-2023	DIXITAIS COS QUE CONTA O CENTRO		Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: EXPOSICIÓN E MOSTRA REGULAR DE ACTIVIDADES, CELEBRACIÓNS E CONMEMORACIÓNS LEVADAS A CABO	PROFESORADO DO CENTRO	DURANTE TODO O CURSO 2022-2023	DISPOSITIVOS DIXITAIS EXISTENTES NAS AULAS E/OU NA AULA DE INFORMÁTICA		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: PROMOCIÓN DO USO E VISUALIZACIÓN DA PÁXINA WEB DO CENTRO	PROFESORADO DO COLEXIO	TODO O CURSO 2022-2023	DISPOSITIVOS DIXITAIS EXISTENTES NAS AULAS E/OU NA AULA DE INFORMÁTICA		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: H) COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO						
ACTIVO:	INICIAR AO ALUMNADO NO USO DOS RECURSOS TICS NAS TAREFAS DIARIAS				Acadado	
RESPONSABLE:	COORDINAR TICS				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O 75% DO ALUMNADO MANÉXASE A NIVEL OFIMÁTICO BÁSICO					
Valor de partida	O 15% DO ALUMNADO MANÉXASE A NIVEL OFIMÁTICO BÁSICO					
Valor previsto e data	O 75% OU MÁIS DO ALUMNADO MANÉXASE A NIVEL OFIMÁTICO BÁSICO A FINAIS DO CURSO 2022-2023			FINAIS DO CURSO 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN		DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: UTILIZACIÓN DOS RECURSOS OFIMÁTICOS DE MANEIRA TRANSVERSAL EN TODAS AS ÁREAS	TODOS OS MESTRES	FINAIS DO CURSO 2022-2023	TODOS OS DISPOSITIVOS DIXITAIS COS QUE CONTA O CENTRO		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: MANEXO NA BUSCA DE INFORMACIÓN E EMPREGO DE ESTRATEXIAS PARA COMPARTILA	PROFESORADO E ALUMNADO DO CENTRO	FINAIS DO CURSO 2022-2023	DISPOSITIVOS DIXITAIS EXISTENTES NAS AULAS E/OU NA AULA DE INFORMÁTICA		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: C) INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS						
4. OBXECTIVO:	INCREMENTAR A DOTACIÓN DE DISPOSITIVOS DIXITAIS DO CENTRO				Acadado	
RESPONSABLE:	COORDINAR TICS				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	AUMENTAR ENTRE UN 5 E UN 10 % O N° DE DISPOSITIVOS DIXITAIS DO COLEXIO CADA CURSO					

Valor de partida	NÚMERO DE DISPOSITIVOS DIXITAIS TOTAIS DO CENTRO EN XUÑO DE 2022				
Valor previsto e data	ENTRE UN 5 E UN 10 % MÁIS DE DISPOSITIVOS DIXITAIS EN XUÑO DE 2023		XUÑO DE 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO4.1: ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO DO CENTRO	PROFESORADO	FINAIS DO CURSO 2022-2023	EQUIPOS INFORMATICOS (ORDENADOR)		
AO4.2: DEDICAR ENTRE UN 5 E UN 10 % DO ORZAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO A ADQUISICIÓN DE NOVOS DISPOSITIVOS DIXITAIS	DIRECTOR/A	FINAIS DO CURSO 2022-2023	ENTRE O 5 E O 10% DO ORZAMENTO DO COLEXIO		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO4.3: SOLICITAR A COLABORACIÓN DOUTRAS ENTIDADES LOCAIS, CONCELLO, ANPA, PARA CONSEGUIR FONDOS COS QUE AUMENTAR O Nº DE DISPOSITIVOS DIXITAIS DO COLEXIO	PROFESORADO E ALUMNADO DO CENTRO	FINAIS DO CURSO 2022-2023	ENTRE O 5 E O 10% DO ORZAMENTO DO COLEXIO		Realizada

4. Avaliación do plan

A idea e levar a cabo a avaliación do PDdC nos seguintes ámbitos, tratando de ter en conta que os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

a) Avaliación continua:

1.- Como idea xeral, ao final de cada trimestre, o profesorado do centro levará a cabo un pequeno análise da evolución e implantación do PDdeC, sobre todo, tendo en conta o Plan de acción incluído no mesmo, para ver en que medida se están traballando os catro obxectivos que incluimos en dito plan. Para elo, entre outras, teremos en conta aspectos tales como os seguintes:

Autoavaliación docente e do alumno.

Traballos dos alumnos realizados con diferentes dispositivos.

Consecución da temporalización.

2.- Avaliación do Plan por parte dos docentes respecto á construción dunha Comunidade competente Dixital e como se incorporaron as ferramentas dixitais no traballo de organización de centro e metodoloxía docente.

3.- A avaliación dos alumnos que participarán este ano na implantación dos dispositivos. Avaliación trimestral por competencias.

b) Avaliación Final:

A súa realización será unha vez ao ano. Nela valorarase o logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O PDdeC difundirase entre a comunidade educativa a través da páxina web do colexio:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbanhosmolgas/>